



Expediente núm.: 1825/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022

Obra/servizo subvencionado: Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao

Categoría profesional: Administrativo/a

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Listado provisional de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao, na categoría profesional de **Administrativo/a**.

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun (1) administrativo/a para a obra / servizo “Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao”, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria realizada o día 9 de setembro de 2022, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 12 de setembro de 2022, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

En relación coa oferta de emprego 12-2022-10572, introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e recibida a relación de persoas candidatas que se axustan ao perfil profesional solicitado para o posto de “administrativo/a do Obradoiro Dual de Emprego Pereiro – San Cibrao”, e consonte co disposto nas devanditas bases de selección,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar admitidas e excluídas provisionalmente as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDAS:

| Nº DE ORDE | APELIDOS E NOME |
|------------|------------------------------------|
| 1 | ÁLVAREZ FERNÁNDEZ ÚRSULA |
| 2 | FERNÁNDEZ SEQUEIROS SUSANA |
| 3 | GÓMEZ SÁNCHEZ M ^a PILAR |
| 4 | GRANDE VELO LAURA |
| 5 | QUINTANA ESPINOSA NOELIA |

LISTA DE EXCLUÍDAS:

Non hai

Segundo.- Requírese ás interesadas para que no prazo de dous (2) días hábiles, ó seguinte á publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (artigo 9 das referidas bases) e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte, corrixan os reparos sinalados, acompañando para tal fin os documentos preceptivos, coa advertencia de que se non o fixesen se lles terá por desistidos da solicitude, publicándose cando corresponda, na mesma forma a pertinente Resolución, na que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Se non se producen alegacións ou reclamacións, entenderanse elevadas a definitivas as listas provisionais que anteceden.

Terceiro.- O tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Tribunal titular:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: M^a Isabel Colmenero Veloso, secretaria – interventora do Concello de San Cibrao das Viñas.

Luisa M^a López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Tribunal suplente:

Presidente: Antonio Gómez González, Secretario – Interventor do Concello de Paderne de Allariz.

Secretario/a: Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Jorge Moreno Martín – Caloto, Secretario – Interventor do Concello de Boborás.

Elena Alañón Martínez, Secretaria – Interventora do Concello de Esgos.

María del Carmen García Pérez, Secretaria – Interventora do Concello de Sarreaus.

Cuarto.- Sinalar o vindeiro día 23 de setembro de 2022, ás 12:20 horas, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas, nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar (Salón de Plenos) sito en Praza do Concello, nº1 – O Pereiro de Aguiar (Coordenadas Google Maps: 42.34665778451676, -7.79987935663343).

Quinto.- Sinalar o vindeiro día 23 de setembro de 2022, nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar (Salón de Plenos) para a realización da seguinte proba:

- Ás 12:30 horas para a realización da entrevista persoal. Que ten como finalidade avaliar o interese do candidato/a en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate.

Sexto.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución de relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar, do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,
Luis Menor Pérez

O secretario – interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0740 Data: 20/09/2022



Cod. Validación: 5GHZR943TVMTTESFPCASCW033 | Corrección: https://concalloperiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2